


Práctica: “O ovo de Colón”

Obxectivos:

- Análise e reflexión ao redor dos conceptos de centro de gravidade, equilibrio e estabilidade.

Material:

- Un ovo cru
- Unha agulla
- Vela
- Mistos ou chisqueiro
- Embude
- Area ou similar



Desenvolvemento:

1. Coa agulla, facemos un pequeno burato na parte inferior do ovo e outro na parte superior, con moito coidado para que non rompa.
2. Baleiramos o ovo e deixámolo secar entre 24 e 48 horas.
3. Tapamos un dos buratos con cera fundida. Agardamos a que seque e introducimos a area polo outro burato, enchendo por debaixo dun terzo da capacidade do ovo... O mellor é ir probando se o ovo aguanta de pe para concretar a cantidade de area necesaria.
4. Pechamos o outro burato con cera fundida e xa temos o noso ovo equilibrista listo.

Síguenos en:




@cienciaocruce



@cienciaocruce



<https://cienciaocruce.wordpress.com/>




Práctica: “A vela xiratoria”

Obxectivos:

- Análise e reflexión ao redor dos conceptos de centro de gravidade, equilibrio e estabilidade.

Material:

- Vela con mecha polos dous lados
- Agulla
- Dous vasos ou copas
- Regra ou metro
- Mistos ou chisqueiro



Desenvolvemento:

1. Medimos o centro da vela cunha regra e atravesámolo coa agulla.
2. Prendemos lume nos dous lados da vela e colocámola entre os dous vasos apoiando os extremos da agulla.
3. Agardamos e veremos como de seguido a vela comeza a xirar.

Síguenos en:




@cienciaocruce



@cienciaocruce



<https://cienciaocruce.wordpress.com/>



Práctica: “A lata equilibrista”

Objetivos:

- Análise e reflexión ao redor dos conceptos de centro de gravidade, equilibrio e estabilidade.

Material:

- Latas de refresco
- Auga
- Area



Desenvolvemento:

1. Baleirar a lata completamente e encher con auga ou area aproximadamente un terzo da súa capacidade.
2. Inclínamos lixeiramente e vemos que a lata mantén o equilibrio. Se empuxamos con coidado veremos que incluso podemos conseguir que dea voltas sen caer.
3. Podemos conseguir o mesmo efecto sen baleirar a lata por completo. Acertando a deixar no interior a cantidade de refresco correspondente.

Síguenos en:




@cienciaocruce



@cienciaocruce



<https://cienciaocruce.wordpress.com/>



Práctica: “Estrutura con bloques de construcción”

Obxectivos:


- Análise e reflexión ao redor dos conceptos de centro de gravidade, equilibrio e estabilidade.

Material:

- Bloques de construción dun xogo infantil.

Desenvolvemento:

1. Colocamos os seis bloques aproximadamente como se indica na figura da dereita.
2. Tratamos de retirar o bloque de cor vermella sen que caian os demais bloques.
3. Cando o consigamos retiramos o bloque superior e miramos que sucede.



Síguenos en:



@cienciaocruce



@cienciaocruce



<https://cienciaocruce.wordpress.com/>



Práctica: Métodos da mesa e da pesa

Obxectivos:

- Determinación do centro de gravidade de corpos planos de forma irregular.

Material:

- Corpos planos
- Rotulador
- Soporte
- Fío
- Pesa



Desenvolvemento:

1. Para o método da mesa, deslizamos o corpo sobre a mesma en dirección perpendicular á súa beira e cara a mesma, pintamos unha liña que coincida co borde da mesa xusto no momento de antes de caer. Facéndoo en varias posicións do corpo, a intersección das distintas liñas dará o centro de gravidade.
2. Para o método da pesa, colgamos o corpo dun soporte e no mesmo un fío cunha pesa, pintamos unha liña que coincida coa dirección do fío. Colgando o corpo desde distintos puntos para ter varias posicións do mesmo, a intersección das distintas liñas dará o centro de gravidade.

Síguenos en:



@cienciaocruce



@cienciaocruce



<https://cienciaocruce.wordpress.com/>